

SOLUCIONARIO-COMPROBA O QUE SABES UD1

1. Relaciona os seguintes termos coa súa definición:

NARRACIÓN	Unha narración é un tipo de texto que relata uns feitos ou accións protagonizados por uns personaxes nun espazo e tempo determinados.
NARRADOR	É a voz que conta unha historia, que non debe confundirse co escritor.
NARRACIÓN LITERARIA	Cando os feitos narrados, xunto cos personaxes, o espazo e o tempo, son ficción, produto da imaxinación de alguén.
NARRADOR EXTERNO	Se non forma parte da historia que conta. Exprésase habitualmente en 3ª persoa.
NARRADOR INTERNO	Cando é un personaxe da historia que conta os feitos en 1ª persoa.
NARRADOR OMNISCIENTE	Narrador externo que o sabe todo sobre os personaxes (os seus pensamentos, sentimentos, pasado etc.).
NARRADOR TESTEMUÑA	Narrador interno que permanece á marxe, é dicir, relata os feitos como simple espectador.
NARRADOR PROTAGONISTA	Narrador interno que intervéñ activamente nos feitos narrados.
ESTRUTURA	Orde lóxica, normalmente en tres partes, que presentan os feitos referidos nunha narración (situación inicial, desenvolvemento da acción e situación final).
TEMPO EXTERNO	Cando se refire á época histórica en que se sitúan os feitos. (datas, referencias a feitos históricos, modo de vida, vestimenta ...).
TEMPO INTERNO	Cando se refire ao tempo transcorrido na narración (anos, meses...). O xeito máis clásico de presentar os feitos é a orde cronolóxica.
ANALEPSE	Cando no tempo interno se lembran feitos anteriores ao momento narrado. Tamén se denomina flashback.
PROLEPSE	Cando no tempo interno se traslada a acción ao futuro. Tamén se denomina anticipación.
ESPAZO	É o lugar ou lugares onde se atopan os personaxes e acontecen os feitos. Pode ser real ou ficticio, urbano ou rural, exterior ou interior.
PERSONAXES	Son os seres que viven os feitos narrados. Poden ser reais ou fantásticos, principais ou secundarios, redondos ou planos.

2. Le este texto literario e despois responde:

A HISTORIA DO PARRULO NOITÉBREGO

Unha vez un parrulo quixo saber como era a noite. Así que non se foi cos outros patos para o galiñeiro; sentou no prado e observou como ía escurecendo. Púxose o sol e saíron as estrelas. Era todo tan fermoso que quedou abraiado ollando para elas. Pero cada vez ía escurecendo máis. O ceo era inmensamente grande e o parrulo era moi pouca cousa no medio do prado. De súpeto apareceu vagarosa a lúa por detrás das montañas. O parrulo estaba asustado, quería botarse a correr pero a lúa estaba en todas as partes. Pechou os ollos, pero a lúa seguía estando alí. O parrulo botouse a correr para o galiñeiro berrando "cua, cua, cua!".

Entón chegou unha muller, riuse e meteuno no galiñeiro.

- Que personaxes participan na narración?
Un parrulo (personaxe principal ou protagonista), outros patos e unha muller (personaxes secundarios).
- En que tempo e en que espazo se sitúa a historia?
Non hai referencias ao tempo externo, pero si ao interno, pois o relato transcorre nunhas poucas horas: desde o lusco fusco ata que a lúa aparece detrás das montañas. En canto ao espazo, a historia está situada nun espazo real, exterior, ao aire libre, concretamente nun prado, desde o que o parrulo divisa a lúa tras as montañas. Só ao final aparece outro espazo: o galiñeiro (real, rural e interior).
- Desde que perspectiva se narra a historia?
Temos un narrador externo en 3ª persoa, omnisciente, posto que coñece os sentimentos e pensamentos dos personaxes: "Era todo tan fermoso que quedou abraiado ollando para elas", "O parrulo estaba asustado, quería botarse a correr pero a lúa estaba en todas as partes. Pechou os ollos, pero a lúa seguía estando alí".

3. **Pon as comas** (14) e os **puntos** (17) que faltan:

Cando me erguín hoxe pola mañá, atopeime coa cara toda chea de grans enormes e vermellos. Miña nai dixo que era cousa dos nervios, pero eu estou convencido de que a miña dieta non é a axeitada. Ultimamente, comemos moita cousa precociñada. Se cadra, son alérxico ao plástico. Miña nai chamou á consulta do doutor Gray para concertar cita, pero o máis axiña que pode atenderme é o vindeiro luns. Se por el é, podería ter malaria e contaxiarlla a todo o barrio. Díxenlle a miña nai que contara que era unha emerxencia, pero ela dixo que estaba a "esaxerar, coma sempre". Dixo que ter uns poucos grans non significaba que estivese para morrer. Cando me dixo que iría ao traballo, coma sempre, non o daba crido. É que o seu fillo non debería estar por riba do seu traballo?

Chamei a miña avoa, veu en taxi, levoume á súa casa e meteume na cama. Agora estou nela. Todo está limpo e tranquilo. Levo posto o pixama do meu defunto avó. Acabo de tomar unha cunca de cereais e sopa de peixe. É a primeira comida en condicións desde hai varias semanas. Espero que se arme unha boa liorta cando miña nai chegue á casa e vexa que marchei. Francamente, querido diario, tanto me ten.

4. **Coloca os puntos** e as **comas** que faltan nas seguintes oracións:

- a) Usou varios medios de transporte: o tren, o autobús, o avión, o coche, o barco e, por último, a bicicleta.
- b) Xa está ben, Antón, que non imos esperar por ti todo o día!
- c) Por favor, Sara, cala dunha vez! Non paras. Todos os días o mesmo.
- d) As alumnas premiadas, emocionadas pola ovación do público, romperon a chorar.
- e) Os luns teremos hora de lectura, é dicir, non tendes que traer o libro.
- f) Marcharon para a festa ás 10.30, bailaron diante da orquestra, tomaron un refresco, volveron a bailar e regresaron ás 02.30 da madrugada.

5. **Separa raíz de desinencias** nas seguintes formas verbais e **di se son verbos regulares ou irregulares**:

- | | |
|---|---|
| a) Cantar: CANT-AR (REGULAR) | f) Quixesen: QUIX-ESEN (IRREGULAR) |
| b) Cantastes: CANT-ASTES (REGULAR) | g) Facer: FAC-ER (IRREGULAR) |
| c) Parten: PART-EN (REGULAR) | h) Fixesen: FIX-ESEN (IRREGULAR) |
| d) Colleu: COLL-EU (REGULAR) | i) Fixeran: FIX-ERAN (IRREGULAR) |
| e) Queren: QUER-EN (IRREGULAR) | l) Cantou: CANT-OU (REGULAR) |

6. **Pon en presente de indicativo** as seguintes oracións:

- a) A avoa **cobre** o doce cun pano e **acode** á chamada da filla.
- b) Todos **cospen** na mesa e logo **menten** sobre o sucedido.
- c) **Caio** na conta de que non **hai** pan para xantar.
- d) Cando **veñen** á festa **xorden** os problemas.
- e) Ti **segues** o camiño francés e eu **sigo** o portugués.
- f) Eu non **moio** o café porque non **teño** tempo en todo o día.

7. **Coloca correctamente os verbos en cada cela:** *piden, durmín, bebía, sufrirades, encontrarán, andariamos, sente, advertiu, sentía, colleran, sufrirei, recibiría, cospes, colleu, calaba, saíra, durmirás, advertiriades.*

INDICATIVO					
PRESENTE	PRETÉRITO	COPRETÉRITO	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
Sente	Advertiu	Sentía	Colleran	Sufrirei	Recibiría
Cospes	Colleu	Calaba	Saíra	Durmirás	Advertiriades
Piden	Durmín	Bebía	Sufrirades	Encontrarán	Andariamos

8. **Introduce os termos** para que a **definición de lingua oficial** teña sentido: promover, xudiciais, oralmente, públicos, particular, comunidade, concellos, normalización, relacións, cooficiais, Estado.

“É a lingua utilizada por un **Estado** como vehículo das diversas actividades oficiais (lexislativas, **xudiciais**, executivas ...). Ser lingua oficial significa que os poderes **públicos** (delegacións do goberno central, xustiza, policía, Xunta, **concellos**...) deben de empregala nas **relacións** cos cidadáns e **promover** o seu uso entre a sociedade. Tamén significa que a nivel **particular** cada persoa ten o dereito de usala **oralmente** e por escrito en calquera situación dentro da nosa **comunidade**. Tanto o galego como o castelán son oficiais, é dicir, **cooficiais** en Galicia. Os poderes públicos deben garantir a súa **normalización** en todos os ámbitos”.

9. **Forma 2 palabras** cos **morfemas** do cadro:

FLEXIVOS		DERIVATIVOS	
-A: nenha, fea	-O: porco, bravo	RE-: revolver, renacer	-ISMO: budismo, marxismo
-ES: fáciles, soles	-N: cantan, dormen	ANTI-: antiaéreo, antimonárquico	-IÑO: listiño, limpiño
-IS: animais, funís	-BA: cantaba, saltaba	-EIRO: carniceiro, barbeiro	-PRE: preescolar, prehistoria

10.**Relaciona** os seguintes **termos coa súa definición**: mouros, mouras, nubeiro, cóbregas, olláparo, tardo, trasno, home marín, sereas e meigas.

Serpes xigantes e voadoras que vixiaban tesouros e moitas veces protagonizaban historias aterradoras.	cóbregas
Xigante dun único ollo que se alimentaba de carne humana.	olláparo
Anano cun burato na man que se dedicaba a gastar bromas moi pesadas: provocaba alteracións da vida cotiá cando a familia estaba placidamente durmida.	trasno
Mulleres que se dedicaban a sandar con remedios naturais ou ben a causar o mal más absoluto.	meigas
Personaxes metade humanas metade peixes, cuxos cánticos eran célebres entre os mariñeiros.	sereas
Mulleres encantadas de gran beleza que posuían innumerables riquezas. Os seus ollos eran azuis, o pelo louro e normalmente vestían con roupas brancas.	mouras
Mago demoníaco que gardaba as nubes de sarabia en covas das altas montañas ás que ía cando quería ocasionar un temporal.	nubeiro
Ser mariño parecido aos tritóns da mitoloxía clásica que esnaquizaba aparellos e embarcacións.	Home marin
Seres sobrenaturais de grande forza aos que se consideran los primeiros poboadores de Galicia. A lenda di que non todos se foron e que algúns quedaron a vivir debaixo dos castros ou dos túmulos onde viven suntuosamente en grandes palacios.	mouros
Trasno sinistro que subía sobre as persoas durmidas provocándolles os pesadelos.	tardo